
**PROXECTO DE FOMENTO DO USO DO GALEGO
DOS EQUIPOS DE NORMALIZACIÓN E DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA
DOS CENTROS DE ENSINO PÚBLICO**

DESCRIPCION de ACTIVIDADES
Curso 2008-09

CEIP de MONFORTE

Emilia Casa Baamonde s/n

27400-MONFORTE (Lugo)

Tl. e Fax: 982 400 442

E-mail: ceip.monforte@edu.xunta.es

Web: <http://centros.edu.xunta.es/ceipdemonforte>

Resolución do 29 de agosto de 2008 (DOG 172, do 05 de setembro de 2008)

INTRODUCCIÓN

Ao abeiro da Resolución conxunta do 28 de maio de 2007, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e da Secretaría Xeral de Política Lingüística, o **CEIP de MONFORTE** presenta un **proxecto** que sitúa o seu **carácter innovador** na pretensión de levar a cabo **unha práctica escolar** que oriente a profesorado, alumnado e demais persoal non docente do colexio cara a un compromiso **de contribuír a mellorar a calidade educativa** nun eido tan decisivo para o desenvolvemento persoal do alumno e da alumna como é o lingüístico e **vehicular accións significativas** para acadar a “normalización” lingüística que o noso centro esixe e merece.

A ninguén se lle oculta, e menos aínda a profesionais e individuos preocupados pola educación, que no desenvolvemento persoal do alumno e da alumna ocupa a competencia lingüística un lugar de privilexio e de necesidade primaria. Se a isto lle engadimos a situación particular en que o idioma galego se atopa *hic et nunc*, cremos que resulta totalmente imprescindible poñer todos os medios, intereses e conviccións ao servizo de contribuír a que o idioma galego ocupe no uso diario, por parte de profesores, alumnos e demais membros da comunidade educativa, tanto dentro coma fóra das aulas, a posición que lle corresponde, sen olvidarnos do contorno no que desenvolve a vida o noso alumnado.

XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO DE INNOVACIÓN: breve estudo sociolingüístico

Para concretar os motivos que nos impulsaron a presentar un proxecto desta índole, é preciso que establezamos cal é o punto de partida dende o que iniciaremos o longo percorrido que nos levará cara a consecución dos obxectivos que máis adiante expoñeremos. De aí que para a **xustificación deste proxecto** debamos referirnos a catro aspectos que non se poden nin deben obviar, que están intimamente unidos e interrelacionados sen poder facer unha separación absoluta entre eles porque uns exercen influencia nos outros dun xeito inevitable:

- O contorno no que se desenvolve a vida do centro e do seu alumnado e profesorado.
- O profesorado (xa que non sempre pertence o contorno do colexio).
- O alumnado e as súas familias.

O resto da comunidade educativa: persoal non docente.

Aínda que non está feito un estudo en profundidade da situación sociolingüística podemos aportar datos aproximados da mesma:

Para determinar a lingua do contorno necesitaríamos desenvolver un traballo moito máis exhaustivo que non podemos acadar por falta de tempo co propósito de levalo a cabo máis adiante, se fose posible ao longo deste curso. A consulta a pais e nais, lingua do concello... foi realmente difícil. A dirección do centro e as persoas responsables de Normalización Lingüística así como o profesorado nun traballo conxunto, chegamos ás seguintes conclusións:

- O CEIP componse maioritariamente de alumnado do casco urbano. Existe unha pequena porcentaxe de poboación rural que está en torno ao 10%. Esta porcentaxe non compensa o predominio da poboación urbana no contorno.
- Os pais e nais diríxense maioritariamente ao centro de ensino en lingua castelá, observándose tamén nas relacións familiares un claro predominio do uso do castelán.
- Os nenos e nenas utilizan na súa comunicación cotiá cos e coas iguais da súa idade a lingua castelá.
- Aínda que esta zona de Galiza, segundo os mapas sociolingüísticos, é unha zona galego falante maioritariamente debemos lembrar que a presenza dun forte núcleo urbano desgaleguiza e polo tanto castelaniza fortemente esta realidade.
- En que lingua se dirixen os pais e as nais ao profesorado?: Maioritariamente, castelán.
- En que lingua se dirixen os pais e nais aos seus fillas e fillos na convivencia escolar?: Maioritariamente, castelán.
- En que lingua falan os nenos e as nenas entre eles?: Maioritariamente, castelán.
- Cal é a lingua maioritaria no contexto urbano do que proceden o 90% do noso alumnado?: Maioritariamente, castelán.

Todos estes ámbitos están intimamente relacionados e exercen a súa influencia dun xeito recíproco. Isto tamén repercute a que **o profesorado** use o castelán como lingua maioritaria xa que gran parte do mesmo pertencen ao contorno do colexio. Aínda que isto non quere dicir que a súa competencia para o uso do galego non sexa alta, así como a competencia do alumnado.

A súa actitude (do profesorado) cara o uso do galego é favorecedora en canto que están a favor da normalización e colaboran de bo grado nas actividades que se levan a cabo con este fin, facendo especial fincapé no traballo de valores en canto ao respecto a todas as linguas e culturas do mundo e en canto ao respecto tamén do seu coñecemento e comprensión como fenómeno de riqueza lingüística e cultural.

Debemos destacar neste apartado todas as tarefas de dinamización e normalización lingüística que se teñen levado a cabo por parte do centro nos últimos tempos. Todos os actos festivos, celebracións lúdicas, e demais eventos véñense desenvolvendo en lingua galega. Deste xeito poténciase o desenvolvemento e uso da lingua en ámbitos lúdicos, onde cobra unha especial relevancia no seu papel como vehículo de comunicación social.

OBXECTIVOS PREVISTOS E ACTIVIDADES

Os obxectivos que pretendemos dirixidos ao centro, e o mesmo as actividades, están deseñados para que poidas ser acadados por os tres ámbitos: Profesorado, alumnado e persoal non docente que convive no centro.

As actividades están deseñadas cos seguintes apartados:

ACTIVIDADE	CURSO E/OU NIVEL	COLABORAN	DATA MATERIAL CUSTO APROXIMADO	DESENVOLVEMENTO
-------------------	---------------------------------	------------------	---	------------------------

CONTORNO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO

1. Establecer, de acordo coas ANPA, asociacións de centros privados, organizacións sindicais e outras entidades con incidencia no ámbito escolar, convenios de colaboración e participación en distintas actividades promovidas polas mesmas.

<p>Correlingua: Organizada pola Asociación Socio-Pedagóxica Galega, a Confederación Intersindical Galega – Ensino, a Mesa pola Normalización lingüística, e os concellos de Lugo, Pontevedra, Santiago e Vigo, Correlingua</p>	<p>A partires de 3º de Primaria</p>	<p>Alumnos/as Profesorado Concello Centros de ensino de Monforte ANPA</p>	<p>Maio 2008. Cartolinas, papel continuo, pinturas, ... 100 €</p>	<p>Todos os centros participarán nunca “carreira” pola defensa e uso do galego. Elaboraranse pancartas, adhesivos, pins, etc. para a mesma. Festa “rachada” con distintas actuacións LEMA 2009: En Galego. Pásao.</p>
---	-------------------------------------	---	---	--

<p>Certame Municipal da 9ª Mostra de Panxoliñas. Certame Municipal de teatro do 20 de abril ao 14 de maio. Outros certames, concursos... convocados por diversas entidades locais.</p>	<p>Alumnos/as de distintos niveis.</p>	<p>Organizadas polo Concello de Monforte. TV, Biblioteca do Concello.</p>	<p>Decembro 3º trimestre 300 €</p>	<p>Participamos en todas as actividades programadas polo Concello, con pezas en galego: xa sexan tarxetas de felicitación para o Nadal, panxoliñas, poesías e narracións para as Letras Galegas, obras de teatro, ... e calquera outra institución que nos achegue actuacións interesantes .</p>
--	--	--	---	--

2. Promover a interacción entre a escola e o seu contorno para facer máis rendibles os recursos e os esforzos deses dous ámbitos a prol da normalización do galego.

Conta contos	Infantil/ Primaria	ENL. Equipo de biblioteca. Alumnos/as	Ao longo do curso/plurianual 200 €	A ser posible o autor/a dalgún conto lido polos alumnos/as virá facerlles unha sesión. Alumnos/as de calquera ciclo explicarán na Biblioteca contos aos seus compañeiros/as. Pais ou nais do alumnado veñen a contarlle contos en galego.
Xornada: "Fálame en galego" de propagación do galego. No contorno e dentro do recinto	Alumnado de primaria	Toda a comunidade	Por determinar 200 €	Compraranse adhesivos en branco cun tamaño grande e o alumnado de primaria debuxaran e pintarán usando o lema "Fálame en galego". Logo estas adhesivos poñeranse no roupa tanto do alumnado coma dos profesores e profesoras e o resto de persoal. Tamén as levarán para casa co gallo de "pegalas" aos familiares, amigos,
Celebración do Entroido: Xoves de compadres Xoves de comadres Desfile de disfraces Elaboración e recitado de coplas de Entroido	Infantil Primaria	Alumnos/as , Claustro ; ANPA Concello	450 Euros	Crearase un auténtico ambiente de Entroido, participando dos costumes da zona , facendo unha comadre e un compadre. Organizarase un desfile no colexio, coa participación de toda a comunidade educativa. Despois, merenda a base de chocolate e bica.
Celebración dos Maios:	Infantil /Primaria	Alumnos/as , Claustro ; ANPA	1ª semana de maio 100 €	Elaborase unha figura, a ser posible relacionada co folclore galego. Farase un estudo da orixe desta festa buscando información en internet e pódooa en común para alumnado de terceiro ciclo.

Prensa escolar Revista escolar “A Billarda”	Infantil/Primaria	Profesorado Alumnos/as Pais/nais Persoal non docente ANPA	Letras Galegas 1600 €	Ao longo do curso vaise recollendo material para a revista, coa colaboración e participación de todos os sectores da comunidade educativa. Tentaremos publicala na web (tamén a do curso pasado)
--	-------------------	---	------------------------------	--

3. Fomentar a colaboración coas entidades culturais, asociativas, recreativas e deportivas do contorno do centro escolar para a organización de actividades conxuntas.

Colaborando co Concello	Todo o centro	Alumnos/as Claustro Concello Centros de ensino de Monforte	Dentro do curso académico. Preténdese que esta colaboración sexa plurianual, desenvolvendo distintas propostas. Cartolinas, pinturas, ... 250 €	O concello propón facer un estudo da historia dos nomes das rúas de Monforte repartindo rueiros aos distintos centros da cidade para que o alumnado de terceiro ciclo investiguen a orixe do nome ou ben a súa historia o primeiro e segundo ciclo farán deseños gráficos como debuxos sobre este tema.
Correlingua: Organizada pola Asociación Socio-Pedagóxica Galega, a Confederación Intersindical Galega – Ensino, a Mesa pola Normalización lingüística, e os concellos de Lugo, Pontevedra, Santiago e Vigo, Correlingua	A partires de 3º de Primaria	Alumnos/as Profesorado Concello Centros de ensino de Monforte ANPA	Maio 2008. Cartolinas, papel continuo, pinturas, ... 100 €	Todos os centros participarán nunca “carreira” pola defensa e uso do galego. Elaboraranse pancartas, adhesivos, pins, etc. para a mesma. Festa “rachada” con distintas actuacións LEMA 2009: En Galego. Pásao.

4. Establecer fórmulas de interacción e colaboración con empresas locais para favorecer o emprego da lingua galega e para mellorar a súa valoración social.

“Abrímonos ao contorno”	Alumnado de primaria	Profesorado. Comerciantes da vila. AMPA	Ao longo do curso 200 €	Os alumnos e alumnas de primaria elaborarán e pintarán carteis co lema “Fálame en galego” para poñer nos escaparates de tendas do contorno e da vila.
“Mochila viaxeira”	Infantil/Primaria	Pais /nais. Claustro	Ao longo do curso Plurianual Folios, toner... 100 €	Dende a biblioteca tentarase darlle publicidade á mochila viaxeira, na que hai material de lectura para toda a familia.

5. Fomentar a colaboración con outras institucións educativas (outros centros escolares) para valorar a comunicación co uso do idioma galego como lingua de noso.

Intercambio epistolar	3º ciclo de Primaria	Alumnos/as de 3º ciclo/ Titores correspondentes e outro profesorado especialista	2º-3º trimestre do curso 2008/09. Preténdese que sexa plurianual. Folios, sobres, selos, ... Ordenadores	Os alumnos/as deste centro intercambiarán correspondencia, por vía postal en 1º lugar, e a través do correo electrónico posteriormente, cos alumnos de outro CEIP ou CPI Nunha 2ª fase, intentarase que os alumnos/as participen nun foro, a través das páx. Web (dinámicas) dos centros. O criterio para establecer esta comunicación é que os outros centros sexan galego- falantes.
-----------------------	----------------------	--	--	--

6. Dar a coñecer a toda a comunidade educativa e o contorno a vida e obra de persoas destacadas pola súa labor como defensores do idioma ou en outras materias de interese, e que contribuirán a que o noso idioma non se esquecese e con el a nosa forma de querer e vivir.

<p>Celebración da Semana Cultural das Letras Galegas .</p> <p>Actividades para o coñecemento da vida e da obra do autor homenaxeado: Ramón Piñeiro :</p> <p>Proxección de vídeo ou cine galego. Audicións de música galega Exhibición de danza galega Exposición de literatura infantil en galego Conta contos Festival (música, poesía, teatro, humor...) integramente en galego. Elaboración dunha webquest (se é factible). Elaboración dun tríptico sobre o autor homenaxeado.</p>	<p>Infantil / Primaria</p>	<p>Alumnos/as e Claustro de Profesores</p>	<p>3º trimestre: Semana Cultural das Letras Galegas 600 €</p>	<p>Desenvolverase un intenso e completo programa de actividades: Publicación da revista escolar "Billarda". Danza Galega Teatro Convivencia con algún escritor Sesión de conta contos para os distintos ciclos de E. Infantil e Primaria. Proxección de películas galegas en vídeo. Audicións de música galega por clases Exposicións sobre a vida e obra de Ramón Piñeiro Editar en soporte papel e a través da web o tríptico sobre o autor.</p>
---	----------------------------	--	---	---

O PROFESORADO

(Todas as actividades deseñadas para este sector van a precisar dunha autoformación polo que respecta a corrección dos traballos feitos polos nenos e nenas)

1. Garantir que todo o profesorado teña plena competencia para desenvolver o seu labor docente en galego e os coñecementos necesarios para participar con criterio en tarefas de planificación lingüística escolar.

“Libro viaxeiro”	Infantil Primaria	Pais/nais alumnos/as Claustro	O magosto Primeiro trimestre. Folios- fundas de plástico e para plastificar. Encadernadores. 150 €	Cada alumnos/a leva á súa casa folios para que os seus pais/nais/avós/as, ... lles conten un conto, adiviña, receita, ... Relacionada co magosto. Posteriormente, recóllense e faise un libro que volverá ás casas para que todos o lean e quedará na biblioteca de aula.
Prensa escolar Revista escolar “A Billarda”	Infantil/ Primaria	Profesorado Alumnos/as Pais/nais Persoal non docente ANPA	Letras Galegas 1600 €	Ao longo do curso vaise recollendo material para a revista, coa colaboración e participación de todos os sectores da comunidade educativa. Tentaremos publicala na web (tamén a do curso pasado)
Prensa escolar Revista “Melos”	Infantil/ Primaria	Profesorado Alumnos	1300 €	Elaboración e publicación de “Melos”, unha revista composta por pasatempos educativos, exercicios para a activación da intelixencia, actividades para o coñecemento do contorno local (Monforte) e actividades de lingua galega. Tentaremos publicala na Web (incluíndo a do curso pasado).

<p>Comunicación en galego Documentación e comunicacións do centro: ... Conmemoración e celebración. Páxina web.</p>	Infantil/Primaria	Centro	Ao longo de todo o curso/Plurianual.	<p>Todos os documentos, folletos informativos, notas, autorizacións, avisos, formularios, programacións, actas, ... son escritos en lingua galega. Emprego do galego en todos os actos de conmemoración e celebración a nivel de centro: Día da Paz, Día do Libro, Día do medio ambiente... festivais, festas, etc. A páxina web do colexio está editada na súa totalidade en lingua galega. Envíanse , en soporte papel e a través do correo electrónico dos pais/nais, toda a información que chegue ao centro respecto a actividades culturais, lúdicas e/ou deportivas que sexan consideradas de interese para o alumnado.</p>
--	-------------------	--------	--------------------------------------	--

2. Lograr que o ensino obrigatorio garanta unha competencia plena no idioma galego e repercuta de forma efectiva na súa adopción como lingua habitual por parte das novas xeracións.

Publicación das revistas escolares na web	ENL	Claustro e Equipo Tics	Ao longo do curso	Presentaremos a revista do colexio na páxina web, para que a poidan disfrutar todo aquel ou aquela que queira.
Manualidades bilingüe (Inglés/ galego) "Facemos un xardín"	2º curso de Primaria	Profesora de Inglés Alumnado Pais/nais	2º ou 3º trimestre (dependendo da aprendizaxe dos alumnos/as) 150 €	Os alumnos e alumnas farán unha actividade en plástica que logo se presentará en pps. Referida a elaboración dun xardín
Xornada de inmersión lingüística en galego/inglés	Profesora de inglés Titores e titoras Primaria Por ciclos	O profesorado	1 xornada, no 2º ou 3º trimestre 400 €	Na primavera faremos un día bilingüe aproveitando que temos nenos e nenas con pais e nais inglesas será unha xornada de ocio en inglés e galego, con xogos tradicionais ingleses, estampación de camisetas, cociña fácil, diferentes obradoiros. Cousas sinxelas e que se podan desenvolver dentro do horario escolar. Organizariamos un por ciclo.

3. Fomentar a colaboración entre todos os grupos de traballo e equipos que se forman dentro do claustro para levar a cabo con maior eficacia o labor educativo.

<p>Celebración da Semana Cultural das Letras Galegas . Actividades para o coñecemento da vida e da obra do autor homenaxeado: Ramón Piñeiro : Proxección de vídeo ou cine GAL. Audicións de música galega Exhibición de danza galega Exposición de literatura infantil en galego Conta contos Festival (música, poesía, teatro, humor...) integramente en galego. Elaboración dunha webquest (se é factible). Elaboración dun tríptico sobre o autor homenaxeado.</p>	<p>Infantil / Primaria</p>	<p>Alumnos/as e Claustro de Profesores</p>	<p>3º trimestre: Semana Cultural das Letras Galegas 600 €</p>	<p>Desenvolverase un intenso e completo programa de actividades: Publicación da revista escolar "Billarda". Danza Galega Teatro Convivencia con algún escritor Sesión de conta contos para os distintos ciclos de E. Infantil e Primaria. Proxección de películas galegas en vídeo. Audicións de música galega por clases Exposicións sobre a vida e obra de Ramón Piñeiro Editar en soporte papel e a través da web o tríptico sobre o autor.</p>
<p>Montaxe dun "Belén" ou "Nacemento", ambientado con elementos galegos .</p>	<p>Infantil / Primaria</p>	<p>Alumnos/as Claustro</p>	<p>Decembro 100 €</p>	<p>Elaborándoo coa colaboración de todos os alumnos/as , e pais/nais. Continuando coa liña do curso pasado</p>
<p>Elaboración de unidades didácticas de diferentes temas: O magosto...</p>	<p>Infantil / Primaria</p>	<p>Alumnos/as , Claustro ; ANPA Equipo da biblioteca</p>	<p>Ao longo do curso. plurianual 300 Euros</p>	<p>Os nenos e nenas terán que visitar a biblioteca para realizar algunha das actividades propostas nas unidades, como fondo de documentación</p>

Uso das TICs	A todos os niveis	O equipo directivo, claustro. Equipo das tics	Ao longo do curso Plurianual	<p>Todas as reunións, cos pais. AMPA, claustro, informacións... faranse utilizando presentacións con pps. En galego.</p> <p>Tamén se usará o correo electrónico do profesor/a para enviar calquera información que sexa de interese.</p> <p>Envío de información aos pais e nais a través do correo electrónico.</p> <p>Uso da pizarra dixital e elaboración de material para a mesma.</p> <p>Uso da aula de informática para distintas actividades como realización de webquest, xogos educativos, investigación...</p>
--------------	-------------------	---	---------------------------------	--

O ALUMNADO

1. Fomentar o uso progresivo do galego desde a etapa preescolar (0-3 anos), de xeito que se superen as fortísimas carencias que se observan nos primeiros banzos do ensino; valoración e gusto polo uso da lingua galega tanto no entorno escolar como fora del.

Conta contos	Infantil/ Primaria	ENL. Equipo de biblioteca. Alumnos/as	Ao longo do curso/plurianual 200 €	A ser posible o autor/a dalgún conto lido polos alumnos/as virá facerlles unha sesión. Alumnos/as de calquera ciclo explicarán na Biblioteca contos aos seus compañeiros/as. Pais ou nais do alumnado veñen a contarlle contos en galego.
“Gústame ler contigo”	1º ciclo de Primaria	Pais/nais Titoras de 2º nivel	Quincenalmente/Plurianual Proxector de corpos opacos, ordenador e contos. 550 €	Os pais/nais destes alumnos len un libro, xunto ao seu fillo/a ao resto de compañeiros traballando ademais da comprensión, a educación en valores.
Elaboración de contos polo alumnado	Infantil Primaria	Pais /nais. Claustro	Ao longo do curso Plurianual Folios, pinturas, encadernadores, ... 100 €	Os alumnos/as dos distintos ciclos elaborarán contos (inventados e/ou adaptados) coa axuda dos seus pais/nais que serán expostos e lidos polo resto dos cursos. Seleccionaranse os mellores para presentacións Tics destes contos.
Elaboración de contos	ENL	Claustro Alumnos e alumnas de 2º e 3º ciclo de primaria	Coincidindo con datas de animación á lectura na biblioteca. Lapis de memoria: 40€	Profesoras e profesores adaptarán contos da biblioteca a formato dixital para animar á lectura con voces de nenos e nenas de cursos superiores. Destinados para infantil e primeiro ciclo de primaria

“Libro viaxeiro”	Infantil Primaria	Pais/nais alumnos/as Claustro	O magosto Primeiro trimestre. Folios- fundas de plástico e para plastificar. Encadernadores. 150 €	Cada alumnos/a leva á súa casa folios para que os seus pais/nais/avós/as, ... lles conten un conto, adiviña, receita, ... Relacionada co magosto. Posteriormente, recóllense e faise un libro que volverá ás casas para que todos o lean e quedará na biblioteca de aula.
Xornada “Fálame en galego” de propagación do galego No contorno e dentro do recinto	Alumnado de primaria	Toda a comunidade	Por determinar 200 €	Compraranse adhesivos en branco cun tamaño grande e o alumnado de primaria debuxaran e pintarán usando o lema “Fálame en galego”. Logo estas adhesivos poñeranse no roupa tanto do alumnado coma dos profesores e profesoras e o resto de persoal. Tamén as levarán para casa co gallo de “pegalas” aos familiares, amigos,

O CENTRO

1. Alcanzar un uso maioritario do galego na docencia, entre os docentes e nas relacións escolares en xeral.

<p>Comunicación en galego Documentación e comunicacións do centro: ... Conmemoración e celebración. Páxina web.</p>	Infantil/Primaria	Centro	Ao longo de todo o curso/Plurianual.	<p>Todo os documentos, folletos informativos, notas, autorizacións, avisos, formularios, programacións, actas, ... son escritos en lingua galega. Emprego do galego en todos os actos de conmemoración e celebración a nivel de centro: Día da Paz, Día do Libro, Día do medio ambiente... festivais, festas, etc. A páxina web do colexio está editada na súa totalidade en lingua galega. Envíanse , en soporte papel e a través do correo electrónico dos pais/nais, toda a información que chegue ao centro respecto a actividades culturais, lúdicas e/ou deportivas que sexan consideradas de interese para o alumnado.</p>
<p>1.– Impartir a área de música, dende 1º de Educación Infantil ata 6º de Educación Primaria, en galego, coa conseguinte necesidade de adquirir tanto material bibliográfico (libros e cadernos) coma audiovisual (música en galego) e incluso informático.</p>	Profesor de música		500 Euros	<p>Preténdese ampliar a colección de música galega (formato CDs). Adquirírase corrector e tradutor en galego para tódolos equipos informáticos. Adquiríranse programas en galego para os equipos informáticos.</p>

2. Priorizar no ensino do galego a expresión, a afectividade e a utilidade, reforzando a súa dimensión comunicativa e instrumental en relación con contextos vivos e dándolle un protagonismo central á oralidade.

Marca páxinas	6º E. Infantil Primaria	Alumnado Titora ENL	Ao longo do curso Folios, cores, fundas plastificadoras. Cartolinas Adhesivos Tesoiras de bordes. rotuladores 100 €	Os alumnos/as elaborarán marca páxinas para eles e para regalar, con comentarios en galego.
Elaboración de contos polo alumnado	Infantil Primaria	Pais /nais. Claustro	Ao longo do curso Plurianual Folios, pinturas, encadernadores, ... 100 €	Os alumnos/as dos distintos ciclos elaborarán contos (inventados e/ou adaptados) coa axuda dos seus pais/nais que serán expostos e lidos polo resto dos cursos. Seleccionaranse os mellores para presentacións Tics destes contos.
Curtametraxe	6º A	Alumnos/as de 6º A e titora	2º trimestre Portátil 600 €	Elaboración dunha curtametraxe, en galego. Tentaremos que sexan dúas
Celebración do magosto, con inclusión de xogos populares galegos e elaboración dunha webquest	Infantil /Primaria	Alumnos/as , Claustro ; ANPA	31-10-08 300 Euros	Realizarase segundo o programado con tres tipos de actividades: -Actividades de aula, para os días previos e posteriores. -Magosto propiamente dito: asado e degustación de castañas. -Xogos populares, por niveis. Xantar de convivencia cos alumnos/as de todo o centro; así como co profesorado.

Montaxe dun “Belén” ou “Nacemento”, ambientado con elementos galegos .	Infantil /Primaria	Alumnos/as Claustro	Decembro 100 €	Elaborándoo coa colaboración de todos os alumnos/as , e pais/nais. Continuando coa liña do curso pasado
Celebración do Entroido: Xoves de compadres Xoves de comadres Desfile de disfraces Elaboración e recitado de coplas de Entroido	Infantil Primaria	Alumnos/as , Claustro ; ANPA Concello	450 Euros	Crearase un auténtico ambiente de Entroido, participando dos costumes da zona , facendo unha comadre e un compadre. Organizarase un desfile no colexio, coa participación de toda a comunidade educativa. Despois, merenda a base de chocolate e bica.
Celebración dos Maios:	Infantil /Primaria	Alumnos/as , Claustro ; ANPA	1ª semana de maio 100 €	Elaborase unha figura, a ser posible relacionada co folclore galego. Farase un estudo da orixe desta festa buscando información en internet e pódoo en común para alumnado de terceiro ciclo.

3. Garantir unha oferta de materiais didácticos de calidade e en soportes diversos que fagan atractivo o proceso de aprendizaxe, que axuden a percibir a utilidade da lingua e que capaciten para o seu uso correcto e eficaz.

Elaboración de contos	ENL	Claustro Alumnos e alumnas de 2º e 3º ciclo de primaria	Coincidindo con datas de animación á lectura na biblioteca. Lapis de memoria: 40€	Profesoras e profesores adaptarán contos da biblioteca a formato dixital para animar á lectura con voces de nenos e nenas de cursos superiores. Destinados para infantil e primeiro ciclo de primaria
-----------------------	-----	--	---	---

Merca de literatura infantil en galego	Todos	Centro	Ao longo do curso 1000 €	Facilitar a lectura en galego, coa adquisición de novos títulos. Interésanos adquirir a colección dos Bolechas.
Elaboración de webquest	ENL	Profesorado e alumnado	Ao longo do curso	Faremos varias webquest relacionadas con temas de interese para o alumnado "Buscando as nosas raíces, o SAMAÍM" "o magosto"-...
Publicación das revistas escolares na web	ENL	Claustro e Equipo Tics	Ao longo do curso	Presentaremos a revista do colexio na páxina web, para que a poidan disfrutar todo aquel ou aquela que queira.
Tradución e adaptación de material	ENL	Todo o claustro	Ao longo do curso	Faremos tradución e adaptación daqueles documentos que sexan precisos para utilizalos nas aulas, como as avaliacións iniciais para cada ciclo, avaliacións para determinar a competencia curricular de nenos e nenas con dificultades. Material para alumnado estranxeiro de adquisición de lingua. Tentaremos publicala na web do colexio para pola a disposición de quen a quixera utilizar.
<ul style="list-style-type: none"> Elaboración e impresión de material de lecto-escritura en galego, que nos permita introducir a lectoescritura na nosa lingua incluíndo ao alumnado estranxeiro. 	ENL	Todo o claustro	250 Euros	Montaranse cadernos de actividades sobre Lecto escritura en galego.

<ul style="list-style-type: none"> • Elaboración de materiais de apoio, para nenos/as con necesidades educativas especiais en lingua galega (Grupo de traballo para problemas motrices) • Elaboración e difusión entre toda a comunidade educativa dun caderno informativo sobre o PEC, exclusivamente en galego e resaltando como sinal de identidade do colexio a defensa e o fomento do uso do galego. • Elaboración dun tríptico con información considerada de interese para os pais/nais no principio de curso. • Elaboración dun tríptico para dar a coñecer a nosa identidade como centro aos pais/nais de alumnos/as de nova matrícula. 	ENL	Todo o claustro	500 Euros	Deseñáranse e elaboraranse fichas de apoio para a adquisición da “lectoescritura”, atendendo fundamentalmente ás últimas implicacións da investigación psicopedagóxica neste campo: factores lingüísticos (procesos lectores e conciencia fonolóxica) e socioculturais (ambientes favorecedores da lectura). Elaboraranse e editaranse os trípticos mencionados.
<ul style="list-style-type: none"> • Elaboración de materiais educativos para a web do centro en galego. • Elaboración e difusión entre toda a comunidade educativa dun tríptico de asesoramento sobre literatura infantil. 			100 Euros 300 Euros	Durante o curso ampliarase considerablemente o número de actividades educativas para colgar na web, e sempre en galego, aproveitando o alto interese que este formato esperta no alumnado. Aproveitando o Nadal, entregaremos aos alumnos un tríptico recomendando libros axeitados para cada idade.

4. Incidir, mediante a información e a explicación argumentada e científica, na comunidade escolar (alumnado, profesorado, persoal non docente e familias) para vencer prexuízos cara ao galego e para promover actitudes favorables á galeguización da escola.

Publicar accesos directos	Todos os cursos	O profesorado	Ao longo do curso	Publicar na web do colexio accesos a páxinas de utilidade en galego.
<p>Celebración da Semana Cultural das Letras Galegas .</p> <p>Actividades para o coñecemento da vida e da obra do autor homenaxeado: Ramón Piñeiro : Proxección de vídeo ou cine galego. Audicións de música galega Exhibición de danza galega Exposición de literatura infantil en galego Conta contos Festival (música, poesía, teatro, humor...) integramente en galego. Elaboración dunha webquest (se é factible). Elaboración dun tríptico sobre o autor homenaxeado.</p>	Infantil / Primaria	Alumnos/as e Claustro de Profesores	3º trimestre: Semana Cultural das Letras Galegas 600 €	<p>Desenvolverase un intenso e completo programa de actividades:</p> <p>Publicación da revista escolar "Billarda". Danza Galega Teatro Convivencia con algún escritor Sesión de conta contos para os distintos ciclos de E. Infantil e Primaria. Proxección de películas galegas en vídeo. Audicións de música galega por clases Exposicións sobre a vida e obra de Ramón Piñeiro Editar en soporte papel e a través da web o tríptico sobre o autor.</p>
<p>Prensa escolar</p> <p>Revista escolar "A Billarda"</p>	Infantil/Primaria	Profesorado Alumnos/as Pais/nais Persoal non docente ANPA	Letras Galegas 1600 €	<p>Ao longo do curso vaise recollendo material para a revista, coa colaboración e participación de todos os sectores da comunidade educativa. Tentaremos publicala na web (tamén a do curso pasado)</p>

Prensa escolar Revista "Melos"	Infantil/Pri maria	Profesorado Alumnos	1300 €	Elaboración e publicación de "Melos", unha revista composta por pasatempos educativos, exercicios para a activación da intelixencia, actividades para o coñecemento do contorno local (Monforte) e actividades de lingua galega. Tentaremos publicala na Web (incluíndo a do curso pasado).
-----------------------------------	-----------------------	------------------------	--------	--

5. Diseñar e levar a cabo unha campaña de sensibilización ante o uso do galego, diversificada para os diferentes membros da comunidade educativa e que promova a análise crítica dos prexuízos existentes, tanto sobre a presenza escolar deste idioma coma sobre a lingua galega en xeral.

"Gústame ler contigo"	1º ciclo de Primaria	Pais/nais Titoras de 2º nivel	Quincenalmente/Plurianual Proxector de corpos opacos, ordenador e contos. 550 €	Os pais/nais destes alumnos len un libro, xunto ao seu fillo/a ao resto de compañeiros traballando ademais da comprensión, a educación en valores.
Xornada "Fálame en galego" de propagación do galego No contorno e dentro do recinto	Alumnado de primaria	Toda a comunidade	Por determinar 200 €	Compraranse adhesivos en branco cun tamaño grande e o alumnado de primaria debuxaran e pintarán usando o lema "Fálame en galego". Logo estas adhesivos poñeranse no roupa tanto do alumnado coma dos profesores e profesoras e o resto de persoal. Tamén as levarán para casa co gallo de "pegalas" aos familiares, amigos,

6. Asegurar un coñecemento oral e escrito suficiente da lingua galega por parte de todo o persoal escolar (docente e non docente) para que poida desenvolver o seu labor nesa lingua.

Conta contos	Infantil/ Primaria	ENL. Equipo de biblioteca. Alumnos/as	Ao longo do curso/plurianual 200 €	A ser posible o autor/a dalgún conto lido polos alumnos/as virá facerlles unha sesión. Alumnos/as de calquera ciclo explicarán na Biblioteca contos aos seus compañeiros/as. Pais ou nais do alumnado veñen a contarlle contos en galego.
“Libro viaxeiro”	Infantil Primaria	Pais/nais alumnos/as Claustro	O magosto Primeiro trimestre. Folios- fundas de plástico e para plastificar. Encadernadores. 150 €	Cada alumnos/a leva á súa casa folios para que os seus pais/nais/avós/as, ... lles conten un conto, adiviña, receita, ... Relacionada co magosto. Posteriormente, recóllense e faise un libro que volverá ás casas para que todos o lean e quedará na biblioteca de aula.

DESCRIPCIÓN DAS ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Para expor aquí as actividades para o fomento de uso de galego no centro, temos que presentar os tramos de Educación Infantil e Educación Primaria por separado en canto a actividades xerais que se levan a cabo ao longo de todos os cursos escolares e logo outras actividades que se programan e que inclúen ao profesorado, a toda a comunidade educativa, ao contorno e tamén cara o exterior usando as posibilidades que nos ofertan as novas tecnoloxías. Tamén o equipa de normalización en colaboración cos outros equipos de profesores e profesoras como son o da biblioteca, Tics, PROA... tentaremos deseñar actividades para o uso de todo o colexio, que resulten amenas e que nos leven a valorar o que é noso e nos define:

”A nosa lingua”

EN CANTO A ETAPA DE INFANTIL

- O profesorado traballará para que o alumnado adquira a outra lingua oficial de Galicia, neste caso o galego. Para isto traballarase tanto a competencia oral como a competencia escrita, adaptando os obxectivos de adquisición da lingua ás características desta etapa.
- Como o caso no que nos atopamos está determinado por un contorno castelán falante, a utilización nesta etapa do galego será como mínimo igual á utilización da lingua castelá en canto ao uso das linguas como vehículo de comunicación e ensino.
- Tamén imos traballar no PSC do CEIP de Monforte o fomento da adquisición progresiva da lectura e da escritura en lingua galega, para que este se converta no idioma base de aprendizaxe. O obxectivo final é que o alumnado obteña unha competencia que lle permita comunicarse normalmente en galego.

EN CANTO A ETAPA DE EDUCACIÓN PRIMARIA

- Na etapa de Educación Primaria vaise garantir o establecido para esta etapa no plan xeral de normalización da lingua galega.
- Vanse logo impartir obrigatoriamente en galego as áreas de matemáticas, coñecemento do medio natural, social e cultural e educación para a cidadanía e dereitos humanos, cando sexa implantada.
- Ademais das áreas marcadas no Decreto no CEIP de Monforte márcanse como áreas para ser impartidas en lingua galega: música e plástica, esta última figura nun programa bilingüe inglés- galego.
- Tamén marcamos desde o centro as seguintes materias como bilingües galego- castelán, segundo as necesidades do alumnado: educación física, relixión, pedagogía terapéutica e audición e linguaxe.
- O obxectivo final para esta etapa é o de garantir a competencia lingüística propia do nivel nas dúas linguas oficiais da comunidade autónoma.

ACTUACIÓNS DO ENL

Dende o Equipo de Normalización Lingüística do CEIP de Monforte de Lemos, as medidas que propuxemos para acadar os obxectivos referidos ao emprego do galego son as seguintes:

Presentar a través do claustro, propostas ao equipo directivo para a fixación dos obxectivos de normalización lingüística que se incluírán no Proxecto Educativo do Centro.

Actividades para potenciar o uso do galego no centro.

Actividades para lograr unha valoración positiva do uso da lingua propia e mellorar a competencia lingüística dos membros da comunidade educativa.

Elaborar e dinamizar un plan anual de actividades tendentes á consecución dos obxectivos .

Introducir a nosa cultura nas aulas sempre coa colaboración dos titores e titoras (vídeos, xornais, viaxes, fotografías, fala, etc.)

Promover o uso da lingua galega para todo tipo de actividades.

Fomentar e animar á participación do alumnado en todos os certames organizados por diferentes organismos e polo propio centro.

Elaborar materiais en galego para que poida ser utilizado polo profesorado no seu labor educativa, sempre que sexa posible coa colaboración doutros profesores ou profesoras ou alumnado.

Adaptar contos da biblioteca para colaborar coa animación á lectura en galego facendo presentacións pps ou en outros formatos con fotos, e gravación sonora.

Elaboración de webquest para distintos temas que poidan ser publicados e usados por outros centros.

Publicación na web do colexio de todo o material que poidamos ir traducindo, adaptando ou creando.

Publicación na páxina educativa do centro da revista escolar e a revista de pasatempos.

Elixir un día de convivencia en galego para toda a comunidade educativa, co reparto de adhesivos cun lema que os nenos e

nenas de todos os niveis pintarán, e decoraran anticipadamente e logo repartiran para pegar na roupa entre compañeiros, pais, nais, persoal non docente e amigos, veciños... O lema podería ser: “FÁLAME EN GALEGO”

Promover a participación activa dos pais e nais da AMPA en relación co entorno e outras asociación para levar ó galego fora da aula (comerciantes, bancos...)

Tentaremos buscar un lugar para situar unha cortiza para por nela toda a información de normalización.

CADRO RESUMO DE ACTIVIDADES:

TEMPORALIZACIÓN	TÍTULO	RESPONSABLES	DESTINATARIOS/AS	ORZAMENTO
Maio 2008.	Correlingua:	Profesorado	Entorno/ Centro	100 €
Nadal	Certame Municipal da 9ª Mostra de Panxoliñas.	Organizadas polo Concello de Monforte. Profesor de música	Entorno/Centro	300 €
Ao longo do curso/ plurianual	Conta contos	ENL. Equipo de biblioteca.	Entorno/ Centro	200 €
Por determinar	Xornada:"Fálame en galego"	Claustro	Entorno/ Centro	200 €
No entroido	Celebración do Entroido:	Claustro ;	Entorno/ centro	450 Euros
1ª semana de maio	Celebración dos Maíos:	Claustro ;	Entorno/ centro	100 €
Letras Galegas	Revista escolar "A Billarda"	ENL.	Entorno /centro	1600 €
Por determinar	Colaborando co Concello	Claustro ; concello	Entorno	250 €
Por determinar	"Abrímonos ao contorno"	ENL.	Entorno	200 €
Ao longo do curso	"Mochila viaxeira"	Equipo da biblioteca	Entorno/ Centro	200 €
2º-3º trimestre do curso 2008/09.	Intercambio epistolar	ENL.	Entorno	
3º trimestre: Semana das Letras Galegas	Celebración da Semana Cultural das Letras Galegas .	claustro	Entorno/ Centro	600 €
Segundo ou terceiro trimestre	Revista "Melos"	claustro	Profesorado	1300 €
Semana última de outubro	"Libro viaxeiro"	ENL.	Profesorado	150 €
Ao longo do curso	Comunicación en galego	Equipo directivo	Profesorado / Entorno/ Centro	
Ao longo do curso	Publicación das revistas escolares na web	ENL. Equipo directivo	Profesorado /Centro	
2º ou 3º trimestre	Manualidades bilingüe	Profesora de inglés	Profesorado	150 €
1 xornada, no 2º ou 3º trimestre	Xornada de inmersión lingüística en galego/inglés	Profesora de inglés	Profesorado	400 €
Nadal	"Belén" con elementos galegos	Claustro	Profesorado	100 €

Ao longo do curso	Unidades didácticas	ENL.	Profesorado	
Ao longo do curso	Uso das TICs	Claustro	Profesorado	
Quincenalmente	"Gústame ler contigo"	Profesores 1º ciclo	Alumnado	550 €
Ao longo do curso	Elaboración de contos polo alumnado	Titores	Alumnado /Centro	100 €
Ao longo do curso	Elaboración de contos	ENL	Alumnado /Centro	40 €
Ao longo do curso	Área de música en galego	Profesor de música	Centro	500 €
Nadal e letras galegas	Marca páxinas	ENL. /titores	Centro	100 €
2º trimestre	Curtametraxe	Titira 6º	Centro	600 €
Última semana outubro	Celebración do magosto	Claustro e ENL	Centro	300 €
Ao longo do curso	Merca de literatura infantil en galego	Equipo da biblioteca	Centro	1000 €
Ao longo do curso	Elaboración de webquest	ENL	Centro	
Ao longo do curso	Tradución e adaptación de material	ENL	Centro	
Ao longo do curso	Elaboración e impresión de material de lecto-escritura en galego	Claustro	Centro	
Ao longo do curso	Elaboración de materiais de apoio,	Profesoras de PT.	Centro	
Ao longo do curso	Cadernos informativos, trípticos, carteis do comedor de ximnasio...	Equipo directivo	Centro/ Entorno	500 €
Ao longo do curso	Elaboración de materiais educativos para a web	ENL	Centro	
Ao longo do curso	Publicar accesos directos	ENL	Centro e entorno	

TODAS AS ACTIVIDADES DESEÑADAS PARA O CENTRO INCLÚEN AO PROFESORADO E AO ALUMNADO, POLO QUE NON SE FAI REFERENCIA NOS DESTINATARIOS POIS SE PRESUPÓN QUE XA ESTÁN INCLUÍDOS.

Participación en campañas institucionais para o fomento do galego.

Estaremos abertos a participar en todas aquelas iniciativas e propostas que se nos acheguen dende as Administracións.

Actividades que non se fixeron do curso anterior

Informamos que as únicas actividades que non se fixeron neste colexio coma xa expuxemos na memoria, foron as seguintes. As veces é imposible realízalas aínda que se poña empeño para levalas a cabo.

XORNADA DE INMERSIÓN LINGÜÍSTICA EN GALEGO/INGLÉS: Estaba previsto facela co colexio de Castro de Rei para aproveitar o autobús do intercambio de 6º, pero non puidemos conxugar as datas destas actividades con outras saídas que se tiñan previstas para os alumnos de 2º de ambos colexios e non se realizou. Este ano programamos esta xornada dentro do mesmo colexio po ter alumnado procedente de Inglaterra co propósito de levala a cabo.

GRAO DE COLABORACIÓN CON OUTRAS INSTITUCIÓN, CENTROS...: Ao comezo de curso recibimos unha proposta moi interesante por parte do Concello, na que se nos convocaba a tódolos centros de Monforte para colaborar xuntos na promoción do galego, comezando cunha campaña publicitaria do mesmo que nos pareceu moi interesante, pero tras reunirnos en varias ocasións no primeiro trimestre é de lamentar que non volveramos recibir ningunha outra convocatoria. Esperamos que neste curso esta situación cambie, aínda non nos convocaron pero estamos á espera de que o fagan.

En tódolos demais aspectos a colaboración entre o Concello e colexio foi moi positiva.

